



EXCMO. CONCELLO
DE TUI

BANDO

Asunto

AUTORIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS, ACTIVIDADES RECREATIVAS, FESTAS, FEIRAS E DEMAIS FESTEXOS E EVENTOS PÚBLICOS.

D. Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente do Concello de Tui,

FAI SABER:

Que nestas datas están a producirse un aumento na organización e celebración de eventos varios tales como feiras, festas parroquiais, patronais e festexos en xeral. Con tal motivo, este Concello recorda a necesidade do cumprimento da normativa vixente aplicable na materia de espectáculos públicos e actividades recreativas e de poñer a disposición da Administración correspondente da documentación que resulte preceptiva, co fin de garantir nestes eventos a seguridade e a cívica convivencia cidadá.

Tendo coñecemento da existencia da realización de este tipo de eventos sen o cumprimento de tales esixencias é polo que esta Alcaldía roga que se teñan en conta as seguintes consideracións:

De conformidade coa Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas están sometidas ao réxime de comunicación previa, salvo nos casos que por razóns de interés xeral fora necesario a obtención de licenza municipal.

Así o artigo 41 da Lei 9/2013, en relación coas actividades sometidas a licenza o autorización dispón:

“En atención á concorrencia de razóns de interese xeral derivadas da necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento da orde pública, así como da adecuada conservación do ambiente e do patrimonio histórico artístico, será precisa a obtención de licenza ou autorización para:

- a) A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.*
- b) A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento.*
- c) A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.*
- d) A celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da comunidade autónoma, conforme o procedemento que regulamentariamente se estableza.*
- e) A celebración dos espectáculos e festexos taurinos.*
- f) A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica exixa a concesión de autorización.*

Pola súa parte o artigo 42 da Lei 9/2013 indica que con anterioridade ao inicio do espectáculo ou actividade recreativa, as persoas encargadas da organización deberán achegar unha solicitude de licenza ante o Concello, co contido e preceptiva documentación que esta mesma disposición indica.



EXCMO. CONCELLO
DE TUI

En todo caso, deberase cumprir coa demais normativa sectorial que se sexa de aplicación e reunir as condicións técnicas de seguridade, de hixiene, sanitarias, de accesibilidade, etc.

Así mesmo, advírtese que de conformidade co disposto no réxime sancionador da devandita norma, establecece que constitúe infracción moi grave, levar a cabo actividades sen efectuar a comunicación previa ou sen dispoñer das licenzas ou autorizacións oportunas, ou incumprir as súas condicións, se supón un risco grave para as persoas ou os bens.

Considerándose responsables das infraccións reguladas na devandita lei, os organizadores deses espectáculos públicos e actividades recreativas que incorran nas faltas tipificadas.

Recórdase tamén que a realización de espectáculos públicos ou actividades recreativas en terreos, lugares ou bens de titularidade municipal esixe ademais a correspondente autorización municipal de ocupación de dominio público.

Esta Alcaldía agarda unha resposta positiva de todos os cidadáns no cumprimento do indicado no presente Bando, evitando así o exercicio da potestade sancionadora e da potestade punitiva de outras Administracións Públicas ou Xudiciais, vía esta última á que se acudirá cando se produzan desacatos ou se incorrera nalgunha das figuras tipificadas na vixente lexislación penal.

O que se fai público para xeral coñecemento da cidadanía do Concello de Tui.

En Tui, O Alcalde

Documento asinado dixitalmente.